

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2019.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **VINTEUN DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia da tenente de Alcalde **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Excusa súa asistencia: **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE**

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **EXPTE. 1835/2019. RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**
- 3º.- **CONTRATOS MENORES.**
- 4º.- **URBANISMO.**
- 5º.- **INFORME DA POLICÍA LOCAL.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 10 de outubro de 2019

2º.- **EXPTE. 1835/2019. RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

Visto o escrito de reclamación patrimonial presentado por **SEBASTIÁN CASTRO SANMARTÍN**, rexistro municipal de entrada nº 4692, de data 16 de Outubro de 2019. Explotación gandeira de porcos de ceba, sita en O Castro, Ponte, Silleda, con identificación en Medio Rural: C.E.A. número ES36/052/0156601.

ANTECEDENTES. A reclamación por responsabilidade patrimonial baséase en imputar ó Concello, xunto a Consellería de Medio Rural, os danos e perxuízos económicos que dí sufrir ó non poder efectuar a ampliación dunha granxa de porcino, sita en O Castro, Ponte, Silleda, con identificación en Medio Rural: C.E.A. número ES36/052/0156601, en síntesis.

VISTO o texto e seu expediente orixinario, procede o análise do mesmo, en base ós pronunciamentos e consideracións xurídicas seguintes:

A. Feitos. Procedimentales.

Primeiro. Inadmisibilidade da reclamación. Prescripción da acción.



Prazo de un ano incumplido. En relación a prescripción da acción, o artigo 67.1 da Lei 39/2015 dispón que o dereito a reclamar prescribe de modo categórico ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse seu efecto lesivo. E a data dese hipotético dano –que se nega, ademais-, como sostén o propio reclamante, é o informe do Servizo de Gandería da Consellería do Medio Rural, desfavorable, do que recoñece tivo coñecemento “*despois do día 31-Xullo-2017*” e con motivo da notificación do informe favorable de Evaluación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, texto no cal se cita o mesmo e, convén resaltar, a pesar de elo, a XUNTA informa FAVORABLEMENTE a licencia.

Transcurriron, en consecuencia, 2 anos + 2 meses ata 16 de Outubro de 2018 en que presenta sua reclamación no rexistro municipal (Dende o 17 de Agosto de 2017 en que se lle concede a licencia de obras, o 31 de Xullo, como admite expresamente).

A súa vez, incídese que tamén admite que ese informe desfavorable (de 7de Xullo) o coñeceu cando lle notificaron o favorable de incidencia ambiental de Medio Ambiente (de 31 Xullo 2017), tras do cal, rematando o expediente administrativo, concedeuselle a licencia de obras municipal (17 Agosto 2017). Así, asume que tivo coñecemento, tanto da resolución favorable como da *desfavorable “despois do 31 de Xullo de 2017”* en que se dictou a mesma. Esa é, por tanto, (Xullo/Agosto de 2017), a data a partir da cal comenza a computarse o período de UN AÑO para formular a reclamación.

Contradicción insalvable Por añadidura, non aporta a data concreta de esa notificación/e/ou/información denegatoria da licencia de Sanidade Animal, que sitúa “*en outono do ano pasado*”, e que, si existira, parece indudable que a adxuntaría, e só alega que canto tivo constancia de esa imposibilidade edificatoria foi en outono del 2018, o que supón unha contradicción insalvable con súa aseveración previa de que coñeceu o informe desfavorable “despois do 31 de Xullo de 2017” en que dictouse a mesma, un ano antes, con o que súa reclamación –en canto ó ano de prescripción– decae por sí mesma, de seus propios datos e feitos sinalados. Despréndese de seu propio relato que non hai notificación algunha por escrito en ese “*outono do ano pasado*”, el 2018, xa que non a adxunta, por outra parte, e limitase a sostener que: “*se puso de manifesto que la explotación no era viable..., al carecer de la autorización de Sanidad Animal...*”

O prazo de prescripción de un ano para reclamar ten carácter imperativo. E, a maior abundamento, para culminar esta disección do período exigido legalmente, véase que, textualmente, asecura:

“En otoño del año pasado..., cuando se había levantado la estructura de la nave..., se puso de manifesto que la explotación no era viable..., al carecer de la autorización de Sanidad Animal...”

O Sr. Castro Sanmartín, cita o orixen do presunto feito ou acto que motive a solicitude de indemnización ou de manifestarse seu efecto lesivo: “*en outono do ano pasado*”, que, ó non ser unha data concreta, non é computable a efectos xurídicos, de ningún modo, máxime no caso presente de reclamación por supuesta responsabilidade patrimonial, no cal o prazo de prescripción de un ano para reclamar ten carácter imperativo, determinante, e, en consecuencia, deriva na inadmisibilidade de esta acción, con carácter taxativo.



Ante tal evidencia da prescripción da acción, bastaría con limitarse a ela e pechar neste punto a resolución municipal. Non obstante, faise unha referencia ó fondo do caso, según a argumentación que se expón a continuación.

B. Sobre o fondo sustantivo.

1. Non foi o Concello quén denegou a licencia, senón a Consellería de Medio Rural, e ó amparo do RD 324/2000 por incumplir condicións de sanidade animal (Ampliación de 698 a outros 700 porcos na instalación).

1.1. Precisións básicas. Queda probado de forma evidente que o Concello concedeu a licencia de obras e quén lle impideu a ampliación da explotación foi a XUNTA de Galicia, polo que, amén da prescripción antedita, tampouco hai base algunha, no referente a Administración competente, para esta reclamación. E esa denegación é debida o uso, a ampliación da explotación –duplicando en outros 700 os 698 porcos para os que estaba autorizado-, por unha cuestión de sanidade animal, que esixe manter unha determinada distancia as granxas do entorno –se lle esixe ó redactor do proxecto que o certifique-, relacionada co incremento da capacidade (RD 324/2000). Un terreno, dende outra perspectiva, na que a Administración Local carece de competencia algunha, xa que lle corresponde a Xunta, como é obvio, o control e esixencia do cumprimento das normas de ordenación das explotacións porcinas para produción de carne, incluídas as condicións mínimas de ubicación, infraestrutura zootécnica e hixiénico-sanitaria, conforme a lexislación vixente nesta materia de hixiene, sanidade, identificación e rexistro, benestar dos animais e protección do medio ambiente.

Extracto do informe do Servizo de Gandería de 7 de Xullo de 2017.

“Non presenta certificado de distancias asinado polo redactor do proxecto, no que se garanta o cumprimento das distancias esixibles..., e ademais se corresponde cun cambio e capacidade da explotación, pasando do Grupo 1º actual ao 2º ...

.....

O informe dende as cuestións sanitarias e de saúde animal é desfavorable...”

1.2. Aclaración conceptual. O Concello tramitou unha licencia de obras, que é totalmente legal, dacordo a lexislación urbanística vixente, oo PXOM de Silleda e as normas da XUNTA. O, dito a “*sensu contrario*”, unha vez cumpridos todos os trámites do procedemento, co informe de avaliación ambiental da Consellería de Medio Ambiente favorable, o Concello estaba obrigado legalmente a concesión da licencia de obras. O que sería ilegal era non facelo, do que deriva a imposibilidade desta reclamación.

Aquí o que se cuestiona, sin embargo, é a licencia de apertura que, anque pódense plantexar unidas –postura que adopta o recurrente-, son dúas figuras xurídicas claramente diferenciadas. Así, pode construírse un edificio de xx plantas, pero non se permite exercer determinadas actividades no baixo, porque tal uso está prohibido. Hai unha licencia urbanística para o acto de edificar sobre o solo e outra de actividade para permitir os usos comerciais/industriais/agropecuarios nesa construción. Primeiro autorizase a mesma e posteriormente a apertura, o exercizo da actividade, xa que hai que analizar si o uso é permisible, anque neste suposto está preavisado que vaise destinar a granxa de porcos, o cal non altera a ecuación da esixibilidade de ambas licencias.



Por tanto, en rigor, hai que atenerse a ese feito probado, coa consecuencia de que a construción é legal. O que é ilegal é aumentar unha explotación de porcos en su interior porque unha lei dí que deben gardar unha distancia mínima entre elas de xx mt, en relación co número de animais. Dito doutro modo, o solicitante podería exercer en esa construción outros usos e actividades no suposto que lle sexan permitidos pola normativa vixente. Sería na tramitación da licenzia de apertura -no peor dos escenarios deste caso dende a óptica administrativa municipal- onde podería incluír o reclamante su esixencia, chamativa como mínimo, de que o Concello deba haberlle denegado a licenzia. En conclusión, en tanto non é cuestionable a legalidade urbanística da licenzia de obras –e avalada polo informe previo de avaliación ambiental da Consellería Medio Ambiente-, a construción “*strictu sensu*”, *xamais* pode establecerse a relación de causa a efecto que pretende para reclamar que se lle indemnice, e por unha actuación legal.

1.3. Obrigación do titular de tramitar tódolos informes sectoriais. Si xa os argumentos expostos son contundentes, todavía cabe lembrar que é obrigación do solicitante a tramitación de tódalas autorizacións sectoriais esixibles –Estradas, Camiño de Santiago, AENA, ADIF, AUGAS, as mais habituales en Silleda-, sin perxuízo, como ocorre no caso presente, de que o Concello poida lembrar que está pendente a autorización de Augas de Galicia, por exemplo. É o propietario a quen corresponde a obtención das autorizacións, licenzias, permisos ou informes que sexan necesarios para a execución de seu proxecto. A responsabilidade da Administración Local se circunscribe ó terreo urbanístico e de autorización do uso ou actividade –licenzia de obras e apertura -, pero non en materia de sanidade animal, de competencia estrita e exclusiva da Consellería de Medio Rural. É mais, o Sr. Castro e/ou o técnico redactor deberían haber consultado, na Oficina Agraria de Silleda, ou na Delegación de Pontevedra, previamente o inicio da redacción do proxecto este aspecto e se houbera solucionado xa “*ab initio*” o problema que agora reclama. Entrando no detalle, parece ser, sostén o Arquitecto Municipal, que podrá levar a cabo a ampliación, según Medio Rural, pero sin alcanzar o cambio de “Grupo”, xa que pretendería pasar do de 120 a 360 UGM –un parámetro, as UGM, que teñen as granxas e que xestiona a Consellería de Medio Rural ó que non ten acceso siquera o Concello- e iso é o que se lle prohíbe, que non poderá superar nesa explotación as 698 prazas, que pretendía ampliar en 700, duplicando o aforo.

2. USO agropecuario e ampliación de tales explotacións na LOUGA.

(Lei 9/2002 (DOG 31/12/2002), coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004 (DOG 31/12/2004)). Por si non fora suficiente todo o dito, o uso agropecuario, aún no peor dos supostos, é totalmente legal nesta clase de solo -artigos 33.2.b e 37 da LOUGA de 2002 e Disp. Trans 10.1- que permite a legalización das explotacións preexistentes, incluso carecendo de licenzia municipal, e asimesmo autoriza unha reconstrución/reforma das mesmas. As cales, se lles aplicaríase a Disp. Trans. Décimo primeira da LOUGA para ampliación de explotacións:

“Las construcciones e instalaciones ubicadas en suelo rústico o en suelo de núcleo rural que, estando destinadas a actividades vinculadas con la explotación y con el apoyo a la actividad agropecuaria, de primera transformación de productos agroganaderos y forestales, así como los aserraderos de madera existían en el momento de la entrada en vigor de esta ley podrán mantener su actividad, aunque no estén amparadas en la preceptiva licenzia municipal de edificación o de actividad, sin necesidad de ellas.

En estas construcciones podrán permitirse, luego de la obtención de licenzia urbanística municipal, las obras de reconstrucción, rehabilitación, conservación y de reforma necesarias siempre que mantengan su actividad de explotación o apoyo a la actividad agropecuaria o de aserradero, adoptando las medidas correctoras oportunas para garantizar las condiciones sanitarias y ambientales”.



A disposición transitoria cuarta da Lei 2/2016 do Solo lle exime de cumprir, entre outras, a distancia a vivendas e outras explotacións.

Disposición transitoria cuarta. Explotacións e instalacións de apoio á actividade agropecuaria e forestal existentes

1. As construcións e instalacións situadas en solo rústico que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade.

2. Nestas construcións poderán permitirse, logo da obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros recollidos no artigo 39 desta lei, agás o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

Esta disposición legal expresa, ven a reforzar todavía mais a archirepetida legalidade da licenza concedida.

C. Consideracións xurídicas.

I. Inadmisibilidade por prescripción do dereito.

O Artigo 67.1 da Lei 39/2015 establece:

"Los interesados sólo podrán solicitar el inicio de un procedimiento de responsabilidad patrimonial, cuando no haya prescrito su derecho a reclamar. El derecho a reclamar prescribirá al año de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo".

A data de partida dese hipotético dano é dende o 17 de Agosto de 2017 en que se lle concede a licenza de obras, ou 31 de Xullo (Informe de Evaluación Ambiental da XUNTA), como admite expresamente o demandante, cando coñece o informe desfavorable do Servizo de Gandería, dentro do favorable de Medio Ambiente. Transcurriron, polo tanto, 2 anos + 2 meses ata 16 de Outubro de 2019 en que presenta súa reclamación no rexistro municipal. En conclusión, un suposto de inadmisibilidade por prescripción da acción ó incumplir o prazo máximo de un ano esixido dende a génesis do teórico dano ata que se reclama.

II. RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACION POR FUNCIONAMENTO ANORMAL. Inaplicable a este suposto.

II.1. O Art. 106 da Constitución reconece o dereito dos particulares a ser indemnizados de toda lesión que sufran en calquera de seus bens ou dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dun servizo público. Este dereito constitucionalmente reconecido foi desenvolvido legalmente polo Art. 139 da Lei 30/92, a súa vez desenvolvido polo Real Decreto 429/1993, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, esixíndose para súa apreciación, según xurisprudencia consolidada do Tribunal Supremo, os requisitos seguintes:



- La existencia de un daño efectivo, evaluable económicamente e individualizado en relación a una persona o grupo de personas.
- El daño ha de ser antijurídico, en el sentido de que la persona que lo sufre no tenga el deber jurídico de soportarlo de acuerdo con la ley.
- La relación de causalidad entre la actividad administrativa y el resultado dañoso. En definitiva, el daño debe ser consecuencia del funcionamiento normal o anormal de un servicio público o actividad administrativa.
- Ausencia de fuerza mayor.
- Que la reclamación se efectuó en el plazo de un año desde que se produce el hecho o el acto que motiva la indemnización o se manifieste su efecto lesivo.

Esa mesma xurisprudencia do Alto Tribunal de 6-7-1999 expresase así: dous son os presupostos básicos que xeneran a responsabilidade patrimonial:

- a) o funcionamento anormal da Administración e
- b) a existencia dun dano que sexa súa consecuencia (e que exista a oportuna relación de causalidade entre o funcionamento da Administración e o dano causado).

A) Respecto do primeiro aspecto, relativo o **funcionamento anormal**, foi a xurisprudencia desta Sala 3ª do Tribunal Supremo (entre outras, en Sentencia de 11 de novembro de 1993) a que puxo de manifesto que:

«La anormalidad de ese funcionamiento no implica, desde luego, referencia alguna necesaria al elemento de ilicitud o culpabilidad en el desempeño de las funciones judiciales al tratarse de un tipo de responsabilidad objetiva»

e tívose en conta na referida sentenza que:

«El concepto de anormalidad en el funcionamiento de la Administración constituye un concepto jurídico indeterminado que debe quedar integrado en función de la naturaleza de los actos emanados de la función y las circunstancias concretas concurrentes en el supuesto enjuiciado.»

B) O segundo dos requisitos fundamentais da responsabilidade patrimonial por funcionamento anormal, deviene da **existencia dun dano que para ser indemnizable ha de ser real e efectivo**, non traducirse en meras especulacións ou expectativas, incidindo sobre dereitos e intereses lexítimos evaluables económicamente e cuxa concreción cuantitativa ou as bases para determinala poidan materializarse en execución de sentenza, de maneira que permitan unha cifra individualizada en relación con unha persoa, como consecuencia do dano producido pola actividade da Administración en relación de causa a efecto, probando o perxudicado a concurrencia dos requisitos legais para que surxa a obriga de indemnizar.

C) Igualmente o Tribunal Supremo, en repetidas Sentencias, advirte que non cabe entender que a responsabilidade patrimonial convirta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de tódolos riscos co fin de previr calquera eventualidade desfavorable ou danosa para os administrados, derivada da actividade destas, polo feito de que exerzan competencias na ordenación dun determinado sector, porque, polo contrario, transformárase aquel nun sistema providencialista no contemplado en noso ordenamento xurídico, ademais de que o talante obxectivo da responsabilidade da Administración non a convirte nun asegurador universal que deba responder en tódolos supostos no que se produza un resultado lesivo por mor da utilización de servizos públicos.



II.2. Aplicación a este caso. Xa non se entra no seu análise, en canto, amén da prescripción, négase a premisa maior: no hai anormalidade algunha – mais aínda, o funcionamento municipal foi impecable-, en tanto se lle concedeu licenza de obras e foi unha disposición sectorial, a través do RD 324/2000, a causa legal da denegación da ampliación do número de animais desa granxa, cuxa competencia está atribuída á XUNTA de Galicia, non ó Concello, por añadidura.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

- **DESESTIMAR** a reclamación de **SEBASTIAN CASTRO SANMARTIN**, por presunta responsabilidade patrimonial, que recházase con carácter previo, sin necesidade de abrir expediente, baseada en tres supostos de inadmisibilidade:

- a) Por prescripción, ó transcurrir o prazo de UN ANO para formular a mesma.
- b) Por ser competencia exclusiva do Servizo de Gandería da XUNTA a denegación da ampliación da granxa, e
- c) Porque é o RD 324/2000, sobre a base de razóns de sanidade en canto a distancia a outras explotacións e o número de animais, o orixen e motivo do suposto dano que reclama, inexistente por elo, en canto ó Concello.

3º.- CONTRATOS MENORES.

3.1.- Expte. 1077/2019. SOLAR FOTOVOLTAICA NA REDE DE CALOR DE BIOMASA DE SILLEDA.

Vista a memoria redactada polo enxeñeiro industrial Ricardo González Santos, denominada **SOLAR FOTOVOLTAICA NA REDE DE CALOR DE BIOMASA DE SILLEDA** cun orzamento de 12.653,59 euros.

Vista a Resolución da Axencia Instituto Enerxético de Galicia de 2 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica, para o ano 2019, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014- 2020.

Visto que por resolución da Alcaldía de data 14 de xuño de 2019 acordouse aprobar a memoria referida e solicitar unha axuda polo 80% do orzamento, así como aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria.

Visto que con data 20 de setembro de 2019 polo director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) concédese a axuda solicitada.

ANTECEDENTES. O artigo 118 da LCSP considera contratos menores os de obras por importe inferior a 40.000 euros. Estes contratos poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar/contratar, que conte coa habilitación profesional necesaria, e co cumprimento, segundo dispón o artigo 118 da LCSP, das condicións que seguen:



- Que non existen prestacións adxudicadas ou pendentes relacionadas co obxecto deste contrato que conxuntamente con este afecten ao procedemento de contratación.
- Que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais da contratación.
- Que a empresa seleccionada non foi adxudicataria doutros contratos menores que individual ou conxuntamente superen os límites recollidos no artigo 118.

Co obxecto de proceder a dita contratación solicítuse oferta a:

- Instalaciones Deza, S.L.
- Pablo David Payno Otero
- Enerlamela, S.L.

Visto que presentáronse as seguintes ofertas:

Registro de Entrada		Empresa	Presuposto € (excluído IVE)
Número	Data		
4667	15.10.2019	Instalaciones Deza, S.L.	10.314,65 €
4690	16.10.2019	Pablo David Payno Otero	12.343,73 €
4694	16.10.2019	Enerlamela S.L.	11.023,25 €

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

1º.- Adxudicar o contrato menor de **“SOLAR FOTOVOLTAICA NA REDE DE CALOR DE BIOMASA DE SILLEDA”** a empresa INSTALACIONES DEZA, S.L., por importe total de **12.480,73 €** – IVE incluído por valor de 2.166,08 € e base impositiva 10.314,65 €, lembrándolle o adxudicatario que a obra deberá estar rematada, como data tope, o 20 de novembro de 2019.

2º.- Dar traslado deste acordo o adxudicatario e a Intervención municipal.

4º.- URBANISMO.

4.1.- Expte. 1765/2019. Espacio cultural formativo adicado a exposición do Agro Galego e a súa mecanización- MUSEO. FUNDACIÓN DO CAMPO GALEGO.

Vista a solicitude de licenza de actividade, presentada por FUNDACIÓN DO CAMPO GALEGO, Registro de Entrada nº 2019-E-RC-4443 de data 17 de outubro de 2019, para espacio cultural formativo adicado a exposición do Agri Galego e a súa mecanización-Museo, na rúa Semana Verde s/n (Silleda).

Vista a Acta de visita de comprobación, de data 18 de outubro de 2019, asinada polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, que literalmente dí:



"Solicitante FUNDACIÓN DO CAMPO GALEGO
Data de rexistro 7.OCT.20019 N° 2019-E-RC-4443 Expediente 1765/2019
Solicitud Espacio cultural formativo adicado a exposición do Agro Galego e a súa mecanización- MUSEO
Emprazamento Rúa Semana Verde, s/n°
Referencia catastral 36052G51305443 Coordenadas UTM 29 ETRS89:
Parcela rexistral n/d X: 561971.65 m E Y: 4728321.53 m N
Clase de solo Solo Urbano, ordenanza Servicios Comunitarios, S.C. Superficie construída: 3.800,00 m2
Dirección de Obra n/d
Dirección de Execución n/d
Orzamento (P.E.M.) € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana.
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.
- 5 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.
- 6 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- 7 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 8 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 9 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 10 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 11 R.D. 2187/1978, de 23 de junio de 1978. Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
- 12 Planeamento do Concello de Silleda
- 12.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 12.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 12.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 12.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 12.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 12.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 12.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 12.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 12.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 12.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 12.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado Provisionalmente o 18/03/2016
- 13 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Emitese informe técnico sobre o expediente 1765/2019, de comunicación previa de inicio de actividade asinada por FUNDACIÓN DO CAMPO GALEGO, presentada con R.E. 2019-E-RC-4443 de 7.OCT.20019. Aporta xustificante de pagamento de taxas municipais.

2. En relación co expediente de licenza para a apertura do establecemento público, co fin de destinalo exclusivamente a desenvolver a actividade de Espacio cultural formativo adicado a exposición do Agro Galego e a súa mecanización-MUSEO, incluído no Decreto 292/2004, de 18 de novembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, o Técnico que subscribe emite o seguinte:

INFORME TÉCNICO:



3. Que, efectuada visita de comprobación ao establecemento onde se pretende desenvolver a apertura do establecemento público de Espacio cultural formativo adicado a exposición do Agro Galego e a súa mecanización- MUSEO o día 18 de outubro de 2019, comprobouse que cumpre cos requisitos e condicións técnicas que esixe a normativa vixente, en particular:

- Seguridade para o público asistente, traballadores, executantes e bens.
- Condicións de solidez das estruturas e de funcionamento das instalacións.
- Prevención e protección de incendios e outros riscos inherentes á actividade, facilitando a accesibilidade dos medios de auxilio externo.
- Condicións de salubridade, hixiene e acústica, determinando expresamente as condicións de insonorización dos locais necesarias para evitar molestias a terceiros.
- Protección da contorna urbana e natural, e do medio ambiente, protección tanto da contorna natural como do urbano e do patrimonio histórico, artístico e cultural.
- Condicións de accesibilidade e goce para persoas con mobilidade reducida.

4. Que as medidas correctoras propostas polo solicitante si considéranse axeitadas e suficientes, conforme ao previsto nas Normas que son de aplicación.

En conclusión ao exposto, informase favorablemente o primeiro uso da edificación e a solicitude de apertura do establecemento público, sito na Rúa Semana Verde, s/nº, con referencia catastral 36052G51305443, e destinado a Espacio cultural formativo adicado a exposición do Agro Galego e a súa mecanización- MUSEO.

A Xunta de Goberno Local segundo o contido da Acta de Visita de Comprobación de data 18 de outubro de 2019, anteriormente transcrita, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- A concesión de licenza de actividade a FUNDACIÓN DO CAMPO GALEGO, para apertura do establecemento público, sito na Rúa Semana Verde, s/nº, con referencia catastral 36052G51305443, e destinado a Espacio cultural formativo adicado a exposición do Agro Galego e a súa mecanización- MUSEO.

Segundo.- A presente licenza outórgase agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, non podendo ser invocada para excluir ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que poida incurrir o seu beneficiario no exercizo da actividade autorizada.

Terceiro.- Aprobar as seguintes liquidacións provisionais, que xa foron ingresadas en data 14 de marzo de 2017:

- Imposto de Actividades sometidas a declaración responsable:	450,00 €
- Taxa informe técnico:	60,00 €

Total ingresado o 04 de outubro de 2019: 510,00 €

Cuarto.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

Quinto.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso



contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercitar calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

5º.- EXPTE. 1826/2019. INFORME DA POLICÍA LOCAL.

Dase conta do informe da Policía Local nº 270/19, de data 17 de outubro de 2019, en relación os danos ocasionados por un vehículo na zona axardinada da rúa Chousa Nova de Silleda, que transcríbese a continuación:

"N/Ref.: informe: 270/19

Asunto: DANOS EN ZONA AXARDINADA DA RUA DA CHOUSA NOVA, SILLEDA

Personados os axentes con T.I.P. 265003 e 265007 , por orden de esta xefatura , na rúa da Chousa Nova o día 14 de outubro de 2019, sobre as 08:30 horas, o fin de comprobar os danos causados por un vehículo nunha zona axardinada, dándose a fuga o vehículo implicado. Persoados no lugar dos feitos ao fin de comprobar os danos causados, e recabar datos para tratar de localizar o vehículo, que finalmente foi localizado, informáse que:

DATA E HORA DO SINISTRO: 13 de outubro de 2019, sobre as 05:00 horas
LUGAR: Rúa da Chousa Nova.

VEHÍCULO:

Marca e modelo: CAMION VOLVO FM 12, Tracto camión
Matrícula: CAMION 2851-BCM- REMOLQUE: R5033BBD

TITULAR:

Nome: VEGO SUPERMERCADOS SAU.
CIF.: A36651313
Domicilio:C/ GAMBRINUS Nº1 A CORUÑA.

CONDUCTOR:

Nome.: MANUEL OROSA RODRIGUEZ

COMPAÑÍA ASEGURADORA

Compañía: ALLIANZ
Número de póliza: Camión: 03401133100019
Remolque: 03401133100030



TOMADOR: EL TITULAR

DANOS OCASIONADOS Os danos ocasionados son: *ruptura das tubaxes de riego e danos no xardín.*

Achégase informe fotográfico."

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA:**

Que, pola empresa Silleda Jardín, S.L. se proceda a reparación dos danos ocasionados por este sinistro e se facture ó Concello estes traballos, indicando no concepto da factura que corresponde o sinistro do informe da Policía Local 270/19: "Danos en zona axardinada da rúa Chousa Nova, Silleda". Posteriormente o Concello remitirá copia da factura o titular do vehículo que ocasionou o sinistro, VEGO SUPERMERCADOS S.A.U. para que proceda ó abono da mesma.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as catorce horas e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 21 de outubro de 2019

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo

